

**BASES DA CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN, CON CARÁCTER TEMPORAL E A XORNADA COMPLETA DE 2 POSTOS DE PERSOAL LABORAL NA CATEGORÍA DE TÉCNICO/A DE ORIENTACIÓN LABORAL/PROSPECCIÓN DE EMPRESAS, NO ÁMBITO DO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓNS DO PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO “A ESTRADA ACTIVA IV”**

**1.- OBXECTO:**

É obxecto da presente convocatoria a contratación, con carácter temporal e a xornada completa de dous postos de persoal laboral na categoría de técnico/a de orientación laboral/prospección de empresas; no ámbito de desenvolvemento das accións do programa integrado de emprego “A Estrada Activa IV”.

**2.- MODALIDADE E DURACIÓN:**

O contrato laboral de carácter temporal terá unha duración ate o 31 de outubro de 2019, vinculando a súa duración ao desenvolvemento das accións previstas no Programa “A Estrada Activa IV”, programa integrado de emprego promovido pola Fundación Cultural A Estrada a desenvolver nos anos 2018 e 2019, subvencionado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, mediante Resolución do Director Xeral de Orientación e Promoción Laboral do 31 de outubro de 2018 e de conformidade coa Orde do 31 de maio de 2018(DOGA n118 do 21 de xuño de 2018), pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego en Galicia durante os anos 2018 e 2019.

A xornada de traballo é a xornada completa no horario que se determine atendendo ás necesidades do servizo. Cando as necesidades do servizo o esixan, o traballo poderá realizarse en xornada partida de mañá e tarde e no horario que se determine.

O salario rexerase polo Convenio de oficinas e despachos da provincia de Pontevedra, segundo a titulación.

A selección dos/as candidatos/as máis idóneos realizarase a través do procedemento de selección de concurso-oposición.

**3.- CONDICIÓNS DOS/DAS ASPIRANTES:**

Para ser admitidos á realización da selección os aspirantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Ser español/a ou posuír a nacionalidade de calquera dos Estados membros da Unión Europea ou dalgún dos Estados aos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as nos termos definidos no Tratado Constitutivo da Unión Europea, en virtude dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, todo elo nos termos do artigo 57 do Real Decreto legislativo 5/2015 de 30 outubro, texto refundido da lei do Estatuto do Emprego Público.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- c) Ter cumpridos os 16 anos de idade, e non superar a idade máxima de xubilación.
- d) Estar en posesión do título de licenciado/a universitario/a, arquitecto/a, enxeñeiro/a ou grao ou título universitario de enxeñeiro/a técnico/a, diplomado/a universitario/a, arquitecto técnico ou grao.
- d) Non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- e) Non ter sido separado/a do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado/a, por sentenza firme, para o exercicio de funcións públicas.
- f) Celga 4.

Tódolos requisitos deberán de posuírse no momento de finalizar o prazo de presentación das solicitudes.

#### **4.- FUNCÍONS:**

- 1.- Desenvolver as accións de orientación e procura de emprego, determinación de itinerarios personalizados para a inserción laboral para os participantes no programa, así como a impartición da formación necesaria nesta materia.
- 2.- Identificación de oportunidades de formación para os diferentes itinerarios de inserción definidos para cada participante, colaboración na busca de empresas para a realización de prácticas laborais derivadas ou non de programas formativos.
- 3.- Diseñar e desenvolver un programa de prospección do mercado laboral do contorno, captación de ofertas de emprego, de oportunidades laborais por conta allea propiciando o emparellamento entre as ofertas e os perfís dos usuarios/as do programa.

- 4.- Fomentar e captar oportunidades de emprego por conta propia e impulsar o xurdimento de iniciativas dentro dos colectivos. Apoiar o proceso de constitución da empresa, a definición do modelo de negocio, a elaboración do plan de empresa e a posta en marcha.
- 5.- Elaboración de informes e documentación necesaria para o desenvolvemento e xustificación das accións do programa.
- 6.- Xestión de expedientes individualizados e, en xeral, as medidas que se dirixan a mellorar as posibilidades de ocupabilidade e inserción das persoas beneficiarias do Programa Integrado para o emprego A Estrada Activa IV. Atención individual das persoas usuarias do Programa.
- 7.- Traballar de forma coordinada co resto do equipo técnico adscrito ao programa e informar á persoa coordinadora do mesmo daquelas accións a levar a cabo.
- 8.- Deseño e desenvolvemento dun itinerario formativo que se axuste aos perfís das persoas participantes no programa.
- 9.- Calquera outra relacionada co posto de traballo.

## **5.- TRIBUNAL**

Os membros do Tribunal serán designados/as por Decreto, no momento da aprobación da listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as.

Os membros do Tribunal deberán posuír igual ou superior titulación á esixida como requisito de acceso aos postos convocados.

O Tribunal poderá constituírse e actuar validamente cando se atopen presentes ao menos tres dos seus membros, precisándose en todo caso, a asistencia do/a Presidente/ e Secretario/a.

Os acordos adoptaranse por maioría dos votos dos membros presentes e no seu caso o empate resolverase co voto de calidade do/a Presidente/a.

Os membros do Tribunal nos que conorra algunha das causas previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público deberán absterse de intervir notificando ao/á Presidente/a. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando conorra algunha das causas do artigo 23 da citada Lei. O Tribunal poderá dispor a incorporación de asesores especialistas para todas ou algunha das probas.

As decisións do Tribunal adoptaranse por maioría, xa sexan puntuacións ou interpretacións. O/A Presidente/a terá voto de calidade en caso de empate.

Así mesmo, contra as resolucións e actas ditadas polo Tribunal e as súas actas de trámite que impidan continuar o procedemento ou produzan indefensión, poderá interpoñerse recurso ante o/a Presidente/a da Fundación Cultural A Estrada.

## 6.-PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

As persoas interesadas en participar no proceso selectivo convocado, deberán presentar no Rexistro da Fundación Cultural A Estrada ou, no seu caso, a través da rede pública de oficinas de Correos, no prazo de CINCO (5) DIAS HÁBILES, a contar dende o día seguinte ao da publicación das bases nun xornal de ámbito autonómico e na ligazón [www.fundacioncultural.aestrada.gal](http://www.fundacioncultural.aestrada.gal) (sección Taboleiro), instancia(Anexo I) de participación á que deberán de acompañar a seguinte documentación:

- copia cotexada do DNI.
- declaración responsable manifestando que se reúnen todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria.
- copia cotexada do título de licenciado/a universitario/a, arquitecto/a, enxeñeiro/a ou grao ou título universitario de enxeñeiro/a técnico/a, diplomado/a universitario/a, arquitecto técnico ou grao.
- orixinal ou copia cotexada dos méritos alegados para a súa valoración na fase de concurso de méritos.
- Currículum Vitae debidamente acreditado.

No caso de que a solicitude non se presente no rexistro da Fundación Cultural da Estrada deberá enviarse un correo electrónico ó enderezo [fundacioncultural@aestrada.es](mailto:fundacioncultural@aestrada.es) dentro do prazo de presentación de solicitudes, xuntando o documento acreditativo da súa presentación na oficina da rede pública de Correos correspondente.

Rematado o prazo de presentación de instancias o/a Presidente/a ditará resolución aprobando a listaxe provisional de admitidos e excluídos, así como as causas da súa exclusión. Esta Resolución será publicada no Taboleiro de Anuncios da Fundación Cultural A Estrada e na ligazón [www.fundacioncultural.aestrada.gal](http://www.fundacioncultural.aestrada.gal) (sección Taboleiro).

Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de TRES (3) DÍAS HÁBILES a contar dende o día seguinte ao da publicación da resolución para a enmenda dos defectos ou omisións así como para efectuar reclamacións.

Rematado dito prazo o/a Sr./a Presidente/a, mediante resolución pola que aprobará a listaxe definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, convocará aos admitidos mediante a publicación da

resolución no taboleiro de anuncios da Fundación Cultural A Estrada e na ligazón [www.fundacioncultural.aestrada.gal](http://www.fundacioncultural.aestrada.gal) (sección Taboleiro).

No caso de que dende un primeiro momento non houberse ningún aspirante excluído, ditarase resolución aprobando a listaxe definitiva de aspirantes admitidos. Na mesma resolución determinarase o lugar, data e hora da celebración dos exercicios. Esta resolución será publicada no taboleiro de anuncios da Fundación Cultural A Estrada e na ligazón [www.fundacioncultural.aestrada.gal](http://www.fundacioncultural.aestrada.gal) (sección Taboleiro).

## **7.-PROCESO SELECTIVO**

O procedemento de selección constará de dúas fases: fase de concurso e unha fase oposición onde a fase oposición será eliminatoria, a cualificación final será a suma das obtidas na fase concurso e na fase oposición.

### **FASE DE CONCURSO:**

Os aspirantes presentarán a documentación acreditativa para baremar o currículo, dita baremación realizarase do seguinte xeito:

#### **a) Titulación académica. Máximo 1 punto.**

- Titulacións preferentes: Psicoloxía, Pedagogía, Psicopedagogía, Socioloxía/Ciencias Políticas e Socioloxía (Secc. Socioloxía), Ciencias do Traballo, Educación Social, Traballo Social, Dereito, Relacións Laborais e Recursos Humanos/Relacións Laborais/Graduada/o Social, Ciencias Empresariais, Ciencias Económicas, Administración e Dirección de Empresas. (1 punto)

- Outra titulación universitaria (0,5 puntos).

Para o caso de ter varias titulacións universitarias, só se contará unha.

#### **b) Servizos prestados. Máximo 6,5 puntos**

Como técnico/a de programas integrados para o emprego ou en funcións de orientación e busca de emprego, determinación de itinerarios personalizados para a inserción laboral, inserción laboral e en xeral as medidas que se dirixan a mellorar as posibilidades de ocupabilidade de persoas desempregadas en programas de formación e emprego: obradoiros/escolas obradoiro/casas de oficios, orientación laboral, técnicos de emprego, axentes de emprego e desenvolvemento local,

AFD, plans de emprego, e outros de similar identidade sempre dentro que se encadren nas políticas activas de emprego implantadas polas diferentes administracións públicas.

**Forma de acreditación dos servizos:** fotocopia cotexada do contrato de traballo e un informe de vida laboral expedida pola tesourería xeral da seguridade social. Deberá quedar debidamente acreditado o posto de traballo concreto e as funcións desempeñadas.

Se os servizos derivan dunha actividade por conta propia acompañarase copia do contrato de servizo que dera lugar a experiencia alegada e da alta no réxime correspondente. Deberá quedar debidamente acreditado o posto de traballo concreto e a función desempeñada.

No caso de que a relación fose funcional deberá acreditarse mediante certificado de servizos prestados, e a certificación da vida laboral expedida pola tesourería xeral da seguridade social.

Non se computarán os servizos que se prestaran simultaneamente con outros igualmente alegados, e reduciranse proporcionalmente os prestados a tempo parcial.

**Puntuación:**

b1) Por realizar tarefas directamente en Programas Integrados de Emprego: 0,3 puntos/mes

b2) Por realizar tarefas de orientación laboral/profesional, axente de emprego, técnico/a ou axente inserción Laboral, técnico/a en obradoiros de emprego: 0,2 puntos/mes.

b3) Outra experiencias laborais realizando tarefas técnicas relacionadas co posto ofertado: 0,05 puntos/mes.

**c) Formación complementaria relacionada. Máximo 2 puntos.**

Máster, cursos en materias relacionadas co posto ofertado: igualdade de oportunidades, colectivos en risco de exclusión social (aqueles nos que se de a concurrencia dalgún dos factores de exclusión recollidos no artigo 3 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia), orientación laboral, actividades de sensibilización e fomento da cultura emprendedora ou técnicas de busca de emprego.

b.1) Por cada curso de 10 a 30 horas: 0,10 puntos.

b.2) Por cada curso de 31 a 100 horas lectivas: 0,25 puntos.

b.3) Por cada curso de 101 a 200 horas lectivas: 0,50 puntos.

b.4) Por cada curso de máis de 201 horas lectivas: 1 punto.

Forma de acreditación: certificación da entidade que impartiu o curso ou copia cotexada do documento oficial acreditativo da súa realización onde quede acreditada a duración e o contido. No caso de que a duración só se estableza por créditos e non por horas, cada crédito equivalerá a 10 horas.

**d) Outros coñecementos, Máximo 0,50 puntos**

Certificado de aptitude pedagóxica (CAP) ou Máster de formación do profesorado de educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional e ensinanza de idiomas: 0,5 puntos.

**FASE DE OPOSICIÓN:**

Os aspirantes presentaranse na Fundación Cultural A Estrada, o día fixado ao efecto, a cualificación da fase oposición será eliminatoria, deberase acadar unha puntuación mínima entre o exercicio e a entrevista de 7,5 puntos esta fase constará de dúas partes:

**a) Exercicio de carácter práctico (60 minutos de duración) máx. 10 puntos**

Consistirá de dúas partes, unha parte tipo test e a outra parte, unha pregunta para desenvolver sobre a posta en marcha dun programa integrado de emprego de Galicia durante os anos 2018-2019(segundo a Orde de 31 de maio de 2018). Para aprobar este exercicio é necesario obter unha puntuación mínima de 5 puntos.

**b) Entrevista persoal. máx 5 puntos**

A fase de entrevista persoal efectuarase mediante preguntas formuladas polo Tribunal en relación co perfil do/a candidato/a e o posto de traballo a desenvolver.

A puntuación final obterase sumando as puntuacións acadadas na fase de oposición e a obtida na fase de concurso.

**PROBA DE GALEGO.**- As persoas aspirantes que non demostren o coñecemento da lingua galega a través do correspondente certificado (CELGA 4 ou equivalente) terán que realizar obrigatoriamente unha proba específica que demostre tal coñecemento.

Quedarán exentas de realizar a proba específica as persoas aspirantes que opten por realizar o exercicio obrigatorio en lingua galega. As restantes persoas aspirantes terán que realizar unha tradución do castelán ao galego, nun tempo máximo de 10 minutos. Serán cualificados como aptas

as persoas aspirantes que realicen a tradución completa no tempo indicado. No caso de non realizar a tradución completa serán considerados non aptas.

#### **8.- PUBLICACIÓN DE RESULTADOS**

A cualificación final estará determinada pola suma das cualificacións parciais de todas as fases obtidas polas persoas aspirantes que superasen o exercicio práctico obrigatorio e eliminatorio.

O Tribunal publicará a relación de aprobados, expoñéndose no taboleiro de anuncios da Fundación Cultural A Estrada e no enderezo de Internet <http://www.fundacioncultural.aestrada.gal> na sección de Taboleiro, o que servirá de notificación válida ás persoas interesadas.

As persoas candidatas seleccionadas terán que presentar na Fundación Cultural A Estrada, dentro dos TRES DÍAS HÁBILES dende a publicación dos resultados definitivos, os documentos que a continuación se relacionan:

- Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade que imposibilite o desempeño das funcións propias do posto.
- Certificado de conta bancaria da que sexa titular o aspirante coa finalidade de proceder ao aboamento das nóminas.
- Número de afiliación á Seguridade Social no caso de posuílo.

Se dentro do prazo indicado, e agás caso de forza maior, os aspirantes propostos non presentaran a documentación e/ou non se reúnen os requisitos esixidos, os aspirantes non poderán ser contratados e serán anuladas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorreran por falsidade na instancia. Neste caso formularase proposta adicional a favor de quen lle siga na orde de puntuación, sempre que superara as probas esixidas.

#### **9.- LISTA DE RESERVA**

Crearase unha lista de reserva cos aspirantes que superaran as probas esixidas. A orde na bolsa determinarase polas puntuacións acadadas no procedemento e de acordo coa proposta efectuada polo Tribunal.

Esta listaxe terá vixencia durante o programa “A Estrada Activa IV”, vixente ata o 31 de outubro do 2019.

#### **10.- INCIDENCIAS**

O Tribunal deste proceso selectivo queda facultado para a interpretación das bases, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias plantexa a súa aplicación, a cuxo efecto poderá adoptalos acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.



O Presidente da Fundación Cultural A Estrada  
D. José Carlos López Campos

## ANEXO I: MODELO DE SOLICITUDE

D./Dna. \_\_\_\_\_  
con D.N.I. \_\_\_\_\_ e enderezo a efectos de  
notificacións en \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_   
teléfono móbil de contacto \_\_\_\_\_, correo  
electrónico \_\_\_\_\_ ,

solicita se rexistre a documentación entregada para o proceso selectivo  
dunha/dun técnica/o de orientación /prospección laboral para o programa  
integrado de emprego “ A Estrada Activa IV”, declarando que reúne os requisitos  
senalados na base terceira da presente convocatoria, que declara coñecer.

Achégase a seguinte documentación cotexada:

1. Fotocopia do D.N.I. (cotexada)
2. Fotocopia da titulación esixida no apartado 3 (cotexada)
3. Declaración xurada de aceptar as bases e de cumprir os requisitos  
esixidos no apartado 3 das mesmas.
4. Relación de méritos acompañada dos xustificantes acreditativos dos  
mesmos (orixinais ou copias cotexadas).
5. Fotocopia do CELGA4.

En A Estrada a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 201\_

**DECLARACION XURADA E ACEPTACION DAS BASES DO CONCURSO E PROCESO DE SELECCIÓN**

Declaro baixo xuramento que:

- a) Os datos consignados no Anexo I son completos e verdadeiros.
- b) Coñezo e acepto as bases da convocatoria para a provisión, con carácter temporal e a tempo completo dun posto de persoal laboral na categoría de técnica/o de orientación laboral/prospección de empresas, no ámbito do desenvolvemento das accións do programa integrado para o emprego “ A Estrada Activa IV” e reúno os requisitos esixidos no apartado 3 das mesmas.

En A Estrada a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 201\_